

Fernández Rei, Elisa (1997): «Contribución ó estudio da entoación das cláusulas interrogativas totais e parciais en galego», en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies, vol. 1, pp. 241-253.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

CONTRIBUCIÓN Ó ESTUDIO DA ENTOACIÓ DAS CLÁUSULAS INTERROGATIVAS TOTAIS E PARCIAIS EN GALEGO

ELISA FERNÁNDEZ REI
(Instituto da Lingua Galega)

1. INTRODUCCIÓN

Pretendemos presenta-los primeiros datos con que contamos sobre a análise dos patróns entoativos máis xerais das cláusulas interrogativas (totais e parciais) en galego. Este relatorio non pretende, por tanto, tirar conclusións definitivas sobre o tema, nin sequera facer xeneralizacións a partir destas análises, que aínda se atopan na súa fase inicial, senón unicamente ofrecer un primeiro achegamento ó problema e ofrecer unha hipótese de traballo para continua-la investigación neste eido.

Non obstante, queriamos achegar estes primeiros datos do noso estudio, dada a escaseza de investigacións e publicacións sobre os temas relacionados coa prosodia do galego, en concreto sobre a súa entoación.

É obvio que na investigación lingüística sobre o galego, aínda en proceso de estandarización, existen moitas eivas e, sen dúbida, o estudio da entoación é unha delas. Así mesmo tamén é evidente a relevancia deste estudio para a procura e o establecemento dun estándar, sobre todo nun momento como o actual, en que os medios de comunicación de masas audiovisuais adquiren cada día máis importancia.

A situación dos estudos sobre a entoación en galego é realmente precaria e non contamos máis ca con algún artigo publicado na década dos setenta. A lingüística galega dedicouse nestes anos ó estudio da dialectoloxía, do léxico e mesmo de problemas gramaticais, debido ás necesidades obvias do momento e propias de calquera lingua que estende o seu uso a ámbitos antes vedados para ela. O estudio da fonética, da fonoloxía e da entoación quedou relegado e son contados os traballos que se levan publicado sobre algún destes aspectos.

Entre os autores que se ocuparon do problema da entoación está Prieto (1972) que escribe un breve artigo, en que, amais de tratar problemas de fonoloxía, achega unha definición de entoación e o que considera que son os trazos distintivos dos contornos tonais en galego: un ton ascendente (denominado [+ Ps]) e un ton descendente (denominado [- Ps]).

Dunha maneira máis detallada, aínda que tampouco é un artigo moi extenso, Carril (1973) caracteriza os distintos tipos de enunciados (afirmativos, interrogativos, exclamativos, imperativos e disxuntivos). Achega varios espectrogramas realizados cun amplificador de escalas e leva a cabo unha análise configuracional e de niveis: distingue tres niveis de ton /1 2 3/ e dúas xunturas terminais¹ (ascendente e descendente).

Por último, Porto (1977) dedica un capítulo do seu libro á entoación. Recoille todo o seu material en Pantín e realiza mostras espectrográficas coa súa propia voz, a partir da medición do décimo harmónico nun espectrograma de banda estreita. Fai unha brevísima caracterización dos distintos enunciados.

Antes de comentármolos resultados das análises realizadas, expoñeremos brevemente en que consistiu o noso estudio e como se levaron a cabo as devanditas análises:

— seleccionamos distintos informantes de diversas procedencias xeográficas, de idades comprendidas entre os 25 e os 30 anos e con estudos universitarios;

— acoutámo-lo noso obxecto de estudio seleccionando só determinado tipo de enunciados, que tiñan que cumpri-la condición de seren cláusulas independentes, é dicir, que os límites dos grupos tonais tiñan que coincidir cos das cláusulas. Deste xeito, reducímo-la análise a tres tipos de enunciados: declarativos, interrogativos totais e interrogativos parciais. Tamén recolleemos algúns datos sobre as denominadas interrogativas ratificadas (*tag questions*), que expoñeremos brevemente, aínda que cremos que este é un problema un tanto particular e que merecería un estudio máis detallado có presente;

— realizámo-la gravación destes enunciados en soporte magnético e aquí batemos cun dos principais atrancos da nosa investigación: a validez destas gravacións, xa que ás veces eran sospeitosas de pouco naturais e espontáneas, debido principalmente a que se pedían estruturas moi concretas e que, ademais, debían ser producidas illadas do contexto que lles é propio. Por esta razón tivemos que realizar moitas gravacións intentando situa-los informantes no contexto en que se podería da-lo devandito enunciado, pero non sempre se conseguía a espontaneidade desexada, polo que tivemos que rexeitar moitas e a nosa mostra viuse reducida;

1 Deixa a un lado a xuntura de suspensión por considerala unha variante das outras dúas.


— por último, levamos a cabo a análise do material recollido no CSL, e centrámonos sobre todo no estudio da variación da frecuencia fundamental, aínda que tamén recolleemos datos sobre a intensidade e a duración.

2. ENUNCIADOS DECLARATIVOS

Segundo apunta Cruttenden (1986), na maioría das linguas as declarativas caracterízanse por ter un ton final descendente: «It is a nearly absolute linguistic universal that unmarked declaratives have a final falling pitch» (Cruttenden 1986: 158). Concordan neste xuízo os autores que citabamos (Prieto 1972, Carril 1973 e Porto 1977) en relación co que acontece en galego.


Se analizamos agora os datos que recolleemos (vid. gráfico 1), observamos que o galego se sitúa entre esas linguas de que falaba Cruttenden: a curva que debuxa o F_0 comeza nun nivel medio (arredor de 230Hz no primeiro e sobre 264Hz no segundo) para ir descendendo progresivamente ata a última sílaba tónica, que alcanza 150Hz no cadro superior e 218Hz no inferior.

GRÁFICO 1
DECLARATIVAS



Vén ás mañás (voz de muller)

GRÁFICO 1
(Continuación)



Vén ás mañás (voz feminina)

En relación dos dous exemplos citados, observamos que o descenso é moito máis acusado no primeiro caso ca no segundo, debido probablemente a que naquel realizouse a cláusula con maior énfase ca nestoutro.

Así pois, comprobamos que o ton final é descendente, pero, como veremos máis adiante ó falarmos das interrogativas, non é só isto o que caracteriza a entoación das declarativas, senón tamén o nivel medio (en relación coa frecuencia fundamental do falante) en que se sitúa o F_0 no inicio da cláusula. Tamén cabería discutir se o descenso é pronunciado e se produce a partir da última sílaba acentuada, ou ben se é progresivo e se inicia antes dese momento. Segundo os datos que aparecen reflectidos no gráfico e outros con que contamos, parece que en galego, polo menos, non se dá un descenso brusco, senón que hai un descenso progresivo a partir da primeira sílaba acentuada.

Aínda que sen ánimo de exhaustividade, pasemos agora a compara-lo que sucede en galego co que sucede nas linguas máis próximas, portugués e español. Polo que se refire ó portugués, no libro dirixido por Mateus (1990: 189-221), en concreto no capítulo que se lles dedica ás propiedades prosódicas, as enunciativas, independentemente da súa extensión, son caracterizadas por presentaren unha subida inicial de F_0 e un descenso final pronunciado sobre a última sílaba acentuada.

As diferencias na extensión dos enunciados reflíctense só no número de sílabas intermedias que se caracterizan por valores altos de F_0 (Mateus 1990: 196)².


Polo que se refire ó español, Quilis (1981) propón o seguinte patrón: /1 2 1 1 ø/ e sinala que a terminación das declarativas presenta unha xuntura terminal descendente, precedida de dous niveis tonais baixos.

3. ENUNCIADOS INTERROGATIVOS

3.1. INTERROGATIVAS TOTAIS

Estas interrogativas preguntan pola afirmación ou negación do que se enuncia. Hai linguas que marcan este tipo de interrogativas gramaticalmente: unha partícula ou enclítico especial, unha morfoloxía verbal característica ou o uso dunha orde palabras particular. Como sabemos, o galego non está en ningún destes casos e non posúe ningunha marca, nin gramatical nin doutro tipo para indicar que estamos diante dunha interrogativa, polo que, en principio, non hai nada que nos indique ante que tipo de enunciado nos atopamos.


GRÁFICO 2a
INTERROGATIVAS TOTAIS



¿Vén ás mañás? (voz de muller)

2 Concorde tamén con esta análise Cunha e Cintra (1984: 416-418).

GRÁFICO 2a
(Continuación)




¿Dixéchesme algo? (voz feminina)


Cruttenden apunta cal é a tendencia das linguas en xeral: «The intonation of yes/no questions [...] is almost invariably reported as having either a “terminal rise” or in some way a higher pitch than the corresponding statement pattern» (Cruttenden 1986: 162). Se observamos agora o que sucede en galego (gráfico 2b), comprobamos que, se ben non teñen un ton final ascendente, si teñen un ton moi elevado no inicio da cláusula: a primeira ten unha frecuencia de 271Hz aproximadamente sobre a primeira sílaba acentuada e a segunda arredor de 250 sobre a mesma sílaba; en canto ó ton final o valor de F_0 sobre a última tónica sitúase nos 139Hz e o da segunda en 143Hz.

Así mesmo, como apuntaba o autor citado, se as comparamos coas declarativas correspondentes (gráficos 1 e 2: figuras superiores en ámbolos dous casos) vemos como se asemellan os seus contornos tonais, en canto a que a frecuencia fundamental mantense no mesmo nivel durante un tempo, se ben tamén se diferencian na frecuencia máis elevada que presentan as interrogativas desde o inicio ata a última sílaba acentuada: na declarativa mediamos 228Hz sobre a primeira sílaba tónica e na interrogativa, sobre esta mesma, medimos 258Hz (chega mesmo ata 293Hz sobre *ás*). De feito, poderíamos dicir que o contorno dunhas e doutras é practicamente o mesmo, coa única diferenza de que o F_0 das interrogativas é

GRÁFICO 2b
INTERROGATIVAS TOTAIS



¿Chamoume Pepe? (voz feminina)



¿Chamoume meu irmau? (voz feminina)

moito máis elevado na primeira sílaba tónica e, polo tanto, o descenso que se produce sobre a última sílaba tónica é moito máis pronunciado.

Mención á parte merece a entoación deste tipo de cláusulas no sudoeste d Galicia³, xa que se desvían do patrón que estabamos describindo (vid. gráfico 2, cadro inferior). Neste caso a frecuencia fundamental elévase de xeito acusado sobre a última sílaba acentuada (máis de 300Hz), para despois baixar tamén pronunciadamente sobre a átona final (178Hz).

Cunha & Cintra (1984: 170-171) fan unha descrición da entoación deste tipo de interrogativas no portugués caracterizándoas por teren un nivel tonal máis alto có das declarativas no ataque da frase; ademais, sinalan que na parte media do segmento melódico hai unha caída da voz, que finalmente sobe acentuadamente na última vocal tónica, para sufrir a continuación unha caída brusca, malia se manter nun nivel tonal elevado.

Mateus (1990: 197-198), pola súa parte, sinala que o que sucede é xustamente o contrario: prodúcese un descenso pronunciado sobre a última sílaba tónica, e a continuación unha subida tamén pronunciada sobre a mesma sílaba se a última palabra é aguda ou sobre as seguintes se non o é.

No español, Quilis (1981: 418-419) apunta que estes enunciados se caracterizan por presentaren unha xuntura terminal ascendente, precedida dun nivel tonal medio.


Deixando para un lado as discrepancias entre os autores, parece que estas interrogativas son moi semellantes en español e portugués, en canto que se caracterizan por un ton final ascendente, se ben os resultados nunha e noutra lingua diferen bastante do que acabamos de apuntar para o galego.

3.2. INTERROGATIVAS PARCIAIS


A diferenza das totais, neste caso preguntamos por unha parte do enunciado que descoñecemos. Caracterízanse, en oposición ás anteriores, en que neste caso si teñen unha marca gramatical que nos indica que estamos diante dunha interrogativa.

³ Se cadra esta localización é excesivamente imprecisa e non totalmente correcta, pero xeneralizamos desta maneira xa que non temos aínda suficientes datos e neste momento tratamos só de ilustrar, case a modo de anécdota, unha entoación que rompe co que parece se-lo común ó resto de Galicia.

GRÁFICO 3
INTERROGATIVAS PARCIAIS



¿Quen vén ás mañás? (voz feminina)



¿Onde está pa? (voz feminina; Baixo Miño)

O seu contorno tonal tamén é descendente. Son moi semellantes ás anteriores, pero diferéncianse en que o descenso prodúcese a partir da primeira sílaba acentuada, é dicir, a partir da realización da marca gramatical que mencionabamos (vid. gráfico 3). Na parte superior do gráfico 3, observamos que o F_0 alcanza un valor de 302Hz sobre a primeira sílaba acentuada, na seguinte xa baixa a 173Hz, para descender ata 147Hz sobre a última. En canto á parte inferior do gráfico 3, aínda que apreciamos tamén unha curva descendente, esta é máis suave (o descenso a partir do pico inicial é progresivo) e, ademais, a frecuencia é máis elevada no final de enunciado (en relación coa curva da interrogativa antes comentada)⁴.

Segundo Cruttenden, «Those languages which have a fall on question word interrogatives frequently have the same tune as declaratives except that the initial question word is very often given a specially high pitch» (Cruttenden 1986: 165). En relación coa entoación destas cláusulas en galego, habería que matizar esta afirmación, xa que o autor non aclara que sucede co ton despois de elevarse sobre a primeira tónica: ¿mantense no mesmo nivel? (tal e como sucedía nas declarativas), ¿ou descende a partir dese momento? No primeiro caso non sería o contorno dunha interrogativa parcial, senón dunha total.

Atopamos agora moitas semellanzas co portugués, ou polo menos coa descrición que dan Cunha & Cintra (1984: 172), quen caracterizan as interrogativas parciais por presentaren un ataque da frase nun nivel tonal moi alto e que sobe bruscamente ata a primeira sílaba tónica, a cal pertence normalmente ó pronome ou ó adverbio interrogativo. Ademais, a curva melódica, despois da primeira sílaba tónica, decrece progresivamente e de maneira máis acentuada ca nas declarativas.

Mateus (1990: 198) diferencia as interrogativas parciais das declarativas en que aquelas presentan valores máis altos de F_0 asociados ós diferentes núcleos de sílaba e un descenso final moito máis amplo.

Quilis (1981: 419-420) caracteriza estas cláusulas por teren unha xuntura terminal descendente, precedida de niveis tonais baixos; é dicir, un patrón semellante ó enunciado declarativo; a diferencia entre este e o interrogativo pronominal absoluto vén dada pola presenza do elemento gramatical interrogativo.

Semella que en portugués os valores de F_0 se manteñen nun nivel máis elevado durante máis tempo, polo que sería un contorno máis semellante ó das totais có das parciais galegas. En canto ó español, parece que este sería máis semellante ó portugués có galego, se ben Quilis fala de niveis tonais baixos, o cal diferiría


4 Aínda que esta informante procede do sudoeste de Galicia, onde viamos que había un contorno entoacional particular nas interrogativas totais, debemos tratar estes datos con cautela e non facer xeneralizacións ata que non contemos con máis material sobre esa zona.

do exposto para o portugués. Sen embargo, non debemos esquecer que non levamos a cabo un estudio detallado destes aspectos nin en portugués nin en español, polo que hai que tomar coa debida precaución os datos que sobre estas linguas fornecemos.

3.3. INTERROGATIVAS RATIFICADAS (TAG QUESTIONS)

Capítulo á parte merecen este tipo de enunciados, en que o que se busca é unha confirmación do que se enuncia, xa sexa de carácter afirmativo ou negativo. Aínda que non as estudiamos coa suficiente profundidade, non queremos deixar de mencionar algúns aspectos e amosar algúns exemplos (vid. gráfico 4). Na parte superior do gráfico 4 observamos un contorno moi semellante ó da correspondente declarativa (cfr. gráfico 1): a primeira tónica ten 227Hz e os valores do F_0 van descendendo ata 159Hz antes da última tónica, que presenta 192Hz (cfr. 154Hz na declarativa), que xa apunta cara ó ascenso que se dá no elemento ratificador *non* (250Hz)⁵.


GRÁFICO 4
INTERROGATIVAS RATIFICADAS



¿Vén ás mañás? (voz feminina)

5 Obsérvase o mesmo no cadro inferior do gráfico 4.

GRÁFICO 4
(Continuación)



Colleu as uvas ¿non?

Este tipo de interrogativas presenta unha serie de problemas particulares que non imos entrar agora a analizar, pero si mencionar, polo menos un, o que nos parece máis importante: o elemento que funciona como «ratificador», ¿constitúe un grupo tonal á parte ou é parte do mesmo grupo tonal cá cláusula que o precede? Por unha parte, parecen dous segmentos separados en tanto que o primeiro ten o contorno dunha declarativa e o segundo un ton marcadamente ascendente. Por outra parte, parece que a última tónica serve de punto de unión ou transición.

4. CONCLUSIÓNS

As conclusións que se expoñen a continuación non pretenden ser en absoluto definitivas, xa que para iso debe levarse a cabo unha análise máis exhaustiva e detallada, tendo en conta moitos outros factores e outros matices que poderían variar as análises que acabamos de observar. Pero si intentan ser unha hipótese

de traballo e unha pequena contribución para a realización dun traballo moito máis ambicioso có presente:

- 1) O ton final no galego común, tanto nas interrogativas totais coma nas parciais, é descendente.
- 2) As interrogativas (totais e parciais) opóñense ás declarativas en que comezan cun nivel tonal moito máis alto.
- 3) As interrogativas totais opóñense ás parciais en que nas primeiras iníciase o descenso na última sílaba acentuada, mentres que nas segundas prodúcese a partir da primeira sílaba acentuada.

REFERENCIAS

- Carril, Ramón B. (1973): «Miscelánea. Notas de entoación gallega», *Revista de Filología Española*, LVI, 1.º e 2.º, 95-101, Madrid.
- Cruttenden, Alan (1986): *Intonation*, Cambridge University Press, Cambridge.
- Cunha, Celso & Cintra, Luís F. Lindley (1990) [1984]: *Nova Gramática do Português Contemporâneo*, 7.ª ed., Edições J. Sá Da Costa, Lda., Lisboa.
- Mateus, M.ª Helena Mira (dir.) (1990): *Fonética, Fonología e Morfología do Português*, Universidade Aberta, Lisboa.
- Porto Dapena, José Antonio (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Anexo 9 de *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela.
- Prieto Alonso, Domingo (1972): «Un sistema fonolóxico trinario do galego e unha teoría da entoación», *Grial*, 38, 431-437, Galaxia, Vigo.
- Quilis, Antonio (1981): *Fonética Acústica de la Lengua Española*, Editorial Gredos, Madrid.